

## A VILA DE MUROS. APUNTES HISTÓRICOS<sup>1</sup>

### MUROS VILLAGE. HISTORICAL NOTES

JOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ VILANOVA

*IES As Insuas de Muros*

#### **Resumo**

Dende a situación actual resulta difícil facerse unha idea precisa da importancia que chegou a acadar a vila de Muros noutros tempos. Por outra banda, estamos ante un caso peculiar. Mentres moitas aldeas e pequenas vilas costeiras chegaron co tempo a convertirse en importantes cidades, semella que aquí sucedeu todo o contrario. Por iso é importante resaltar o verdadeiro poderío económico e demográfico que tivo no pasado, pero tamén atopar as claves que marcaron a súa traxectoria e que deron como resultado o momento presente. A tal propósito quixera contribuir o presente estudo.

#### **Palabras clave**

Historia moderna y contemporánea de Galicia. La villa Gallega de Muros.

#### **Abstract**

From the current situation it is difficult to be made a precise idea of the importance that ended up having the village of Muros in other times. On the other hand, we are before a peculiar case. While many small villages of the coast ended up with the step of the time to become important cities, here it happened just the opposite. For that reason it is important to stand out the true economic and demographic power that had in the past, but also to find the keys that marked their road and that they gave the present moment as a result. The present study seeks to contribute to this purpose.

#### **Key words**

Modern and contemporary history of Galicia. The Galician town of Muros.

---

<sup>1</sup> Recibido/Received 23.10.2009. Aceptado/Accepted 10.12.2009

## 1. QUE TEN MUROS DE PARTICULAR?

Levo varios anos traballando e vivindo en Muros e podo asegurar que a vila espertou a miña curiosidade dende o primeiro momento. Tal vez non teña nada de particular; en realidade, pásalle a moita xente. A súa discreta monumentalidade, o seu estado de conservación, pouco común dentro dos enclaves costeiros, así como as numerosas reseñas históricas que falan dunha importancia pretérita xa son de por si argumento suficiente para chamar a atención. Pero sería recorrendo as súas rúas, observando os edificios e as persoas, cando foron aparecendo os interrogantes. Bastaba con reparar na grande cantidade de edificios deshabitados ou en estado ruinoso, incluso nas zonas máis emblemáticas da vila, no cine París abandonado ou no antigo teatro Mercedes convertido en cafetería, ou contemplar as ruínas das vellas fábricas, por poñer só algúns exemplos, restos todos dunha antiga grandeza, para que xurdise a intuición de que Muros é un deses casos no que os restos do naufraxio non lle fan xustiza ó tamaño do barco. Pero necesitaba comprobar en que medida e ata que punto isto foi así, como o que hoxe contemplamos non é apenas unha sombra do que chegou a ser. E cumpría facelo dun xeito obxectivo e cuantificado. Este é o motivo da temática escollida e da perspectiva dende onde abordamos o presente estudo.

Precisamente, este estado actual de postración moitas veces é o que impide, especialmente si pensamos que a historia sempre se comporta liñalmente, decatarse da importancia doutros tempos. E iso seguramente teña o seu reflexo na historiografía. En efecto, comparado con outras vilas galegas que non chegaron nin de lonxe ó poderío da de Muros, os estudos -polo menos recentes- sobre esta vila son certamente escasos. E iso que Muros tivo a fortuna de ser o berce non só de bispos, escritores e xuristas de grande sona, senón tamén de magníficos historiadores. Imposible non mencionar a *Crónica Muradana* ou *Recuerdos de la muy noble, muy leal y muy humanitaria villa de Muros*, de Ramón de Artaza Malvárez que, pese aos anos transcorridos dende a súa publicación, segue a ser un referente indispensable. Este e outros traballos do mesmo autor, xunto coas aportacións parciais do tamén muradán Manuel Fabeiro Gómez <sup>2</sup>, sen esquecer as investigacións de fray Atanasio López, son os principais estudos cos que contamos. Tamén podemos mencionar algúns estudos por parte de profesores da universidade de Santiago, varios deles moi recentes, sobre aspectos moi concretos relacionados

---

<sup>2</sup> Sinalar que ámbolos dous, Ramón de Artaza e Manuel Fabeiro, ostentaron o título de cronistas oficiais da vila de Muros.

coa historia da vila (revolta irmandiña, migracións), entre os que incluímos o libro da profesora María de los Ángeles Novoa sobre a primeira presenza documental da vila na Idade Media <sup>3</sup>.

A presente investigación recolle parte do xa feito, ó tempo que aporta novos datos e interpretacións. Sen pretensións de ofrecer unha historia completa, que desbordarían completamente o marco do presente traballo, trátase de resaltar os momentos cruciais que marcaron o seu desenvolvemento histórico, procurando as causas e relacionando o pasado co presente. Así mesmo, para comprobar ata que punto estamos ante un caso atípico, iremos comparando os resultados cos datos obtidos doutros modelos semellantes, ben sexa os demais núcleos do concello, as vilas e cidades costeiras ou o conxunto de Galicia.

## 2. A ÉPOCA ESCURA. FUNDACIÓN E PRIMITIVO DESENVOLVEMENTO

A capital do concello érguese nunha estreita franxa encaixada entre o mar e a montaña. Esta disposición, xunto coa orografía, marcarán o seu crecemento futuro, pois imposibilitada de estenderse cara a Louro, a vila medrará cara ó outro lado, englobando e formando un núcleo continuo cos barrios da Virxe do Camiño e Portugalete, ata alcanzar a parroquia veciña de Serres. Unha parte da vila está en pendente e atópase orientada cara o Leste. Precisamente, este desnivel do terreo obrigará en moitas zonas a levantar as casas nunha especie de terrazas a distintas alturas, sendo precisos muros de contención. O seu porto está situado nunha enseada de abrigo onde non chegan as ondas nos días de temporal, ademais de ser un lugar agochado difícil de ver por mar, algo especialmente útil cando os normandos saqueaban as costas galegas, e que posiblemente tivese que ver na ubicación primitiva da vila.

Unha cuestión debatida é o referido á posible orixe do nome da vila. Tense argumentado que podería deberse á muralla que antigamente cercaba parte do perímetro urbano, pero resulta que xa no século XIII o nome da vila era *Puebla del Muro*, antes de que foran construídas as murallas. Outra hipótese é que parte da súa fachada litoral fose conseguida con muros de recheo, e de aí o nome á vila. Aínda que tampouco está de máis sinalar algo que podemos comprobar a simple vista: o xa aludido desnivel do terreo que obrigou a construción en terrazas conseguidas a

---

<sup>3</sup> Para unha información concreta e máis detallada sobre a produción historiográfica relacionada coa vila de Muros, remitimos á bibliografía que figura nas últimas páxinas.

base de muros de contención. Tal vez o nome da vila tamén teña algo que ver con este feito.

O lugar de emprazamento condicionará a súa base económica e, con ela, a estrutura social e o comportamento da súa poboación. Muros conta con poucas terras, sendo crónica a súa incapacidade para cubrir a demanda interna, o que se suplía coa importación de produtos básicos, como o cereal ou o viño. En troques, a súa actividade económica, industrial e comercial, estará sempre relacionada co mar e coa pesca. Isto dará lugar a unha burguesía emerxente, formada por comerciantes, armadores e donos de fábricas de salazón, que acabará fusionándose coa nobreza e monopolizando os cargos principais e os postos de goberno do concello. Así, a diferenza doutras vilas, como Cambados, cun importante compoñente señorial, Muros, cunha fidalguía reducida e emparentada xa dende antigo coas familias burguesas, estará dominada polos intereses e o poder da burguesía.

Pese a non contar con noticias históricas durante a Idade Antiga e a Alta Idade Media, podemos supoñer que o núcleo evolucionaría dende un pequeno asentamento altomedieval ata o seu despegue definitivo a partir do século XIII <sup>4</sup>. Neste senso, o primeiro documento coñecido sobre a vila, e que proba a súa existencia como tal, é un real privilexio concedido por Sancho IV en 1286 para engrandecela e axudala no seu crecemento. Un fenómeno que debemos enmarcar dentro dun proceso máis amplo e que afectou a todo o litoral galego, comenzando pola fachada atlántica. Dende a segunda metade do século XII, os reis empezarán a promocionar mediante foros os núcleos urbáns na costa. As novas poboacións serán impulsadas para favorecer o comercio e a industria pesqueira. A situación era especialmente propicia. O final dos ataques normandos e o avance cristián na Península fixeron máis segura a vertente atlántica, e esta seguridade reactivou as rutas marítimas con Europa. As rías galegas serán un lugar óptimo para o comercio marítimo e, en consecuencia, a desembocadura de cada unha destas rías será o emprazamento inicial dun núcleo de poboación. Da segunda metade do século XII son as vilas costeiras de Ribadeo, Viveiro, A Coruña, Padrón, Tui, Noia ou Pontevedra. A promoción de Muros correspondería a unha nova fase de reactivación do comercio coa Europa Atlántica por mar durante o século XIII, o que fará que os reis lle dean un novo pulo repoboador a moitas vilas litorais. Amais da *Puebla del Muro*, será o caso de A Guarda, Baiona, Pontedeume, Ferrol, Ortigueira ou Cedeira.

---

<sup>4</sup> Hai quen afirma que o primeiro asentamento no lugar que hoxe ocupa a vila comezaría na última etapa do reino suevo, aló polo século VI. Pero con contamos con ningunha evidencia documental que avale esta teoría.

A vila, de orixe realengo, pasará ó señorío do arcebispo de Santiago en 1298 por doazón de Fernando IV. Non sería a única. Outras vilas dependentes do rei serán cedidas ós señores, laicos e eclesiásticos <sup>5</sup>. No caso de Muros será a cambio de Tarifa, cedida polo arcebispo ó rei. Con todo, non semella que esta dependencia fose especialmente opresiva, pois lonxe de deter o seu desenrolo e prosperidade, mais ben o promove e axuda.

Non sabemos como sería a poboación dos primeiros tempos. A unha rápida expansión demográfica podería corresponder o feito de que durante a Idade Media, e antes da erección da Colexiata, no 1500, a vila de Muros contase con dúas parroquias. A máis antiga era a de San Pedro, ó parecer xa do século X, onde en palabras do cardeal Jerónimo del Hoyo “*se entierran los que mueren en la dicha villa*”. Tal vez porque o número de habitantes o fixese preciso, ou quizais por buscar unha ubicación máis segura, o certo é que xa no século XII ergueuse unha nova igrexa, a de Santa María do Campo ou Santa María A Nova. Esta última foi posteriormente transformada en colexiata, quedando dende entón unha única parroquia. Outro feito que evidenciaría a súa vitalidade económica e demográfica sería a chegada e posterior asentamento na vila dunha colonia xudea <sup>6</sup>.

Boa mostra da importancia de calquera vila eran as súas fortificacións. No caso que nos ocupa, o primeiro recinto amurallado databa da segunda ou da terceira década do século XIV <sup>7</sup>, e abarcaba un perímetro reducido, menor en calquera caso que a cerca moderna, esta última xa do século XVI. Anexo a esta primitiva muralla e formando parte da mesma estaba a Torre de Muros, unha fortaleza propiedade do arcebispo citada xa en documentos da década de 1330. Situada na zona alta da vila, no barrio do Carne, no punto coñecido como Monte Real, servía como posto de control e vixilancia da ría <sup>8</sup>.

---

<sup>5</sup> En canto a dependencia xurisdiccional, nas vilas costeiras de Galicia atopamos todo tipo de situacións. A maior parte destas vilas, Cedeira, Corcubión, Noia, Padrón, Rianxo, Vilagarcía, Pontevedra, Redondela, Vigo, Tui ou A Guarda, nacerán baixo a dependencia dos señores e así continuarán ó longo do tempo, ata a disolución dos señoríos no século XIX. Outras, ó igual que Muros, nacerán baixo a dependencia do rei para seren cedidas ós nobres, na súa maior parte no século XIV. Entre éstas, Ribadeo, Pontedeume, Ferrol ou Malpica. Distinto será o caso de Ortigueira, A Coruña e Baiona, que nacerán reais e así permanecerán. O caso de Viveiro será máis complicado. Nacida como vila realenga, será cedida ó bispo de Mondoñedo en 1112. Comezará entón unha loita co bispado que rematará en 1346 cando rei lle devolva a súa condición de realengo.

<sup>6</sup> Onega López, José Ramón, 1999, *Los judíos en el Reino de Galicia*. Madrid. Páx. 591.

<sup>7</sup> Barros Guimeráns, Carlos, “A revolta irmandiña en Noia, Muros e Outes”, Conferencia dictada o 21 de marzo de 2007 no marco da *V Semana de Historia de Noia*, Noia 2007.

<sup>8</sup> Parece que na década de 1950 todavía se conservaban os restos dun muro. Pero actualmente non queda nada, ata o punto de non saber con certeza o punto exacto no que podería estar ubicada.

### 3. ESPLENDOR E RETROCESO

Aínda que todo parece indicar unha importante expansión demográfica nos séculos XIV e XV, as primeiras noticias claras aparecen ó final da Idade Media. Así, D. Ramón de Artaza, na súa *Crónica*, aseguraba que en 1488 a vila chegou ó seu apoxeo como poboación marítima, elevándose o número dos seus veciños a 1.000, sendo estes tan emprendedores que facían viaxes marítimos a Portugal, Andalucía, Francia, Flandes, Inglaterra, Italia e outras nacións<sup>9</sup>. Así mesmo, tamén a finais do século XV, a chegada ao porto de Barcelona de buques procedentes de Muros, cargados de sardiña salgada, era moi frecuente<sup>10</sup>.

Na súa descrición do reino de Galicia, o licenciado Molina, menciona a importancia do asteleiro de Muros, considerado entre os mellores de Galicia, mentres que, falando dos habitantes da vila, asegura que a súa xente “*es diestra y en casos de necesidad defienden bien su costa*”<sup>11</sup>

Pola súa banda, a principios do século XVII, no 1607<sup>12</sup>, o cóengo-cardeal de Santiago D. Jerónimo del Hoyo leva a cabo unha pormenorizada relación, asegurando que

“*solía esta villa de Muros tener mas de mil vezinos, por el presente tendrá como seiscientos vecinos, y, aunque entre ellos hay alguna gente noble, el comun es pescadores y tratantes por la mar y todos ellos son gente belicosa y que saben muy bien tomar las armas y defenderse de sus enemigos, así en la tierra como en la mar, y entre ellos hay muchos que nabegan a Flandes, Francia, Inglaterra, Viscaya, Portugal, Sevilla y otras muchas partes*”<sup>13</sup>.

---

<sup>9</sup> Ramón de Artaza y Malvárez, *Recuerdos de la muy noble, muy leal y muy humanitaria Villa de Muros*.

<sup>10</sup> *Memorias históricas sobre la Marina, Comercio y Artes de la antigua ciudad de Barcelona*. Por D. Antonio de Capmany y de Monpalau, Madrid 1792. Tomo III. P. 224.

<sup>11</sup> *Descripción del reino de Galicia y de las cosas notables del...* Compuesto por el licenciado Molina natural de Malaga. 1550.

<sup>12</sup> Posiblemente, a descrición da vila sexa anterior a ese ano. Doutro xeito, non se entende, por exemplo, que ó referirse ó número de embarcacións existentes no seu porto no vaia máis aló do ano 1584.

<sup>13</sup> *Memorias del Arzobispado de Santiago*, por Don Jerónimo del Hoyo. Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral. Serie Visita Pastoral, nº 1. A caracterización dos seus veciños como valentes e belicosos parece aludir ó seu comportamento na chamada Batalla de Muros que tivo lugar en 1544, cando a flota de D. Alvaro de Mendoza, coa axuda dos muradáns, derrotou ós franceses e obrigounos a levantar o cerco que mantiñan sobre a vila.

A vista destes datos, constatamos un volume demográfico bastante notable, pero tamén comprobamos un importante retroceso respecto a períodos anteriores. En efecto, o cardeal afirma que en tempos pasados (podemos supoñer que no século XVI <sup>14</sup>) a vila contaba con máis de mil veciños. Retomando os datos de finais do século XV, podemos supoñer que no século XVI, polo menos na súa primeira metade, a poboación continuou a medrar. Unha poboación realmente considerable, seguramente reflexo dunha actividade económica en expansión.

Relacionado con isto último, sinalar que o crecemento de Muros marchará sempre ó compás da importancia económica do seu porto. Xa dende mediados do século XIV a industria do salgado experimentará un considerable crecemento e neses anos o porto de Muros, xunto con Noia, Pontevedra e A Coruña, pasará a ser un dos principais exportadores de peixe. Do século XIV datan xa os primeiros preitos dos mariñeiros de Muros cos de Noia polo reparto das zonas de pesca de sardiña na ría. Máis adiante, a importancia pesqueira de Muros verase recoñecida cando o rei Juan II, en 1452, habilite a vila como porto para exportar e importar, recoñecendo no mesmo documento ó de Muros como un dos mellores portos de Galicia. Esta actividade exportadora aparece mencionada polo cardeal, e antes diso polo historiador Ramón de Artaza. Igualmente, sabemos que o porto de Muros á altura de 1584 contaba con 48 navíos “*grandes y pequeños*”.

Esta importancia tamén se ve reflexada noutros detalles. Tiña a vila unha boa muralla “*toda de cantería y en ella diez y ocho torres con sus almenas*” amais dun castelo “*en que hay diez y seis piezas de artillería de bronce y hierro colado de*

---

<sup>14</sup> Sobor deste asunto, atendendo ás informacións proporcionadas pola visita do Provisor do arcebisado, o Dr. Carriazo, sospeitamos que na segunda metade do século XVI a situación demográfica da vila de Muros non debía ser especialmente boa. Segundo estas informacións, hacia 1560 a zona dentro do cercado estaba despoboadada, o que fixo que o visitador do arcebisado ditase a prohibición de que en diante, e mentres dita orde non fose revocada, ningunha persoa podería edificar unha nova casa no campo e nos arrabais, tendo en conta que para construír había moito solo e solares baleiros dentro da cerca. O incumprimento podía significar, ademais de multa, o derribo da construción. Igualmente, os oficiais do concello e os artesáns que non tivesen casa propia nos arrabais e que vivisen alí de aluguer, sempre que existisen casas sen habitar dentro da muralla, estaban obrigados a pasar a vivir nelas. Ben é certo que o espazo intramuros era moi pequeno e iso creaba incomodidades e sensación de agobio. Por tal motivo, a nobreza e outros veciños, que non querían verse apretados por falta de espazo e querían máis amplitude, preferían construír as súas casas no campo e na zona extramuros. Hoxe en día comprobamos efectivamente que a maior parte das casas da nobreza están fora do barrio de A Cerca, no burgo ou na parte alta. Amais do espazo, outro motivo podería ser a seguridade que proporcionaba a ubicación en lugares máis elevados en caso de ataques por mar (Citado por Manuel Fabeiro Gómez en *Páxinas históricas de Muros*. Páxinas 66 e 67).

*batir*”<sup>15</sup>. Igualmente, contaba con dous hospitais, un onde “*están de ordinario nueve pobres*”<sup>16</sup> e outro de leprosos “*cerca de la hermita de Nuestra Señora del Camino, a la parte de arriba (...) está decente*”.

Pese ó descenso sufrido, os seiscentos veciños de 1607 seguen a ser ilustrativos da importancia e do dinamismo económico da vila. Unha impresión que se confirma tendo en conta a poboación das restantes cidades e vilas costeiras do arcebispado nese mesmo ano:

Cangas	- 300	veciños
A Coruña	- 2.100	“
Noia	- 400 <sup>17</sup>	“
Pontedeume	- 250	“
Pontevedra	- 1.700 <sup>18</sup>	“

Outras vilas, como Corcubión, Cée, Vilanova, Cambados ou Vilagarcía, contaban aínda cunha poboación menor<sup>19</sup>. Muros estaría en terceiro lugar, despois da Coruña e Pontevedra. Xa fóra dos límites do arcebispado, e seguindo coas vilas costeiras, unicamente é superada por Vigo, que en 1587 contaba cunha poboación de 868 veciños. Sería polo tanto a cuarta vila máis poboada do litoral. E iso a pesar do retroceso demográfico xa comentado. Un descenso que de tódolos xeitos tamén

---

<sup>15</sup> As murallas foron construídas por disposición do arcebispo Fonseca en 1520, parece ser que en agradecemento polo apoio recibido por parte da vila no enfrontamento do prelado co conde de Altamira, mentres que o castelo, ergueito no lugar onde hoxe se levanta a lonxa vella, data de finais do século XVI. Aquelas murallas causaban admiración a quen as contemplaba. Unha testemuña aseguraba en 1527 que “la villa de Muros es una villa de las mejor cercadas que ay en todo el arzobispado de Santiago”. Neste recinto amurallado abríanse tres portas, unha principal e dúas secundarias. Pola súa banda, Mamuel Fabeiro Gómez, que foi cronista oficial da vila, xa falaba da posibilidade de que houbera dúas murallas, unha máis antiga cun perímetro máis reducido (a que mencionamos unhas páxinas atrás, do século XIV), e outra máis recente e que abarcase un territorio máis extenso. A teoría de Fabeiro foi posteriormente confirmada por María de los Ángeles Novoa. De calquera xeito, en debuxos de finais do século XVI aparece unha única muralla. A parte cercada era moi pequena, quedando extramuros unha zona moi ampla. A presenza da muralla marcará a morfoloxía urbana, dividindo a poboación en dous barrios perfectamente delimitados: o da Cerca (intramuros) e do da Xesta (extramuros).

<sup>16</sup> Trátase do Hospital da Trindade, fundado en 1380 polo xuíz da vila Diego Rodríguez de Muros (avó do deán de Santiago e logo bispo de Mondoñedo Diego de Muros III), e situado a carón da primitiva igrexa de San Pedro, na parte de abaixo.

<sup>17</sup> “Solía tener esta villa ochocientos vecinos y ahora tiene poco más de quatrocientos”. *Memoorias del Arzobispado de Santiago...* Cit.

<sup>18</sup> Iso agora. Antes “solía tener tres mil”.

<sup>19</sup> Destacamos o caso de Fisterra, que “Llegó a tener casi doscientos vecinos. Ahora tiene sesenta veciños (...) Este lugar fué quemado tres o quatro veces, y así está muy pobre”.



afectou gravemente a outras vilas, como Noia, Pontevedra ou Fisterra. As guerras, pero tamén as fames xunto cunha terrible epidemia de peste que dende finais do século XVI asolou Galicia, seguramente tiveron moito que ver nesta dinámica demográfica tan negativa <sup>20</sup>.

Este descenso parece continuar durante o século XVII. Mentres no resto de Galicia tivo lugar un crecemento na segunda metade de século <sup>21</sup>, pasada a fase de caída demográfica que comezara en 1580, Muros parece atravesar unha dinámica diferente. Todavía a finais de século terán lugar frecuentes e terribles crises de subsistencia <sup>22</sup>. Deste xeito, chegamos a 1740 cunha poboación de 500 veciños <sup>23</sup>.

Sobre o núcleo urbano, destacar un feito cando menos curioso. D. Jerónimo del Hoyo aludía ós dous hospitais da vila, o de pobres e o de leprosos. O mesmo que no Catastro de Ensenada, como veremos a continuación. Nembargantes, tanto para 1726 como en 1740 constatamos claramente a existencia de tres hospitais: O Hospital de Pobres, o de Lázaros e o hospital de Nosa Señora do Camiño, este último pertencente ó Santuario e incluso no mesmo edificio.

#### 4. A VILA DE MUROS SEGUNDO O CATASTRO DE ENSENADA

Para analizar a situación a mediados do século XVIII dispoñemos dos datos suministrados polas Respostas Xerais do Catastro de Ensenada, correspondentes ó ano 1753. Nese momento, a vila de Muros contaba con 460 veciños. Tamén se nos

---

<sup>20</sup> Dende 1560 as malas colleitas fixeron que a carestía de cereais fose crónica. O problema agravábase no caso de Muros, que non contaba con pan nin sequera en anos de boa colleita, xa que os territorios do seu Alfoz (Louro, Serres, Outes, Carnota e Mazaricos) non producían o suficiente para cubrir as súas necesidades. Sempre contaban co pan que chegaba á vila polas rutas marítimas. Así, en 1560 había unha gran necesidade de pan en Noia, polo que pediron ós de Muros, que tiñan no seu porto catro navíos franceses con trigo e centeo, que compartisen con eles o seu pan. Os de Muros, pese ó longo preito que viñan sostendo ambas vilas, acordaron en cederlles un dos navíos. E iso a pesar de que a situación dos muradáns era tamén moi precaria. O precio do pan subira moito e moita xente non podía mercalo, polo que o Concello tomou a decisión de comprar unha parte do cargamento para repartirilo de balde ós pobres e necesitados (Manuel Fabeiro Gómez, Páxinas históricas de Muros, páxs. 28-32).

<sup>21</sup> Bermejo, X.C. -Pallares, M.C. -Pérez, X.M. -Portela, E. -Vázquez, X.M. -Villares, R., 1980, *Historia de Galiza*, Caixa de Aforros de Galicia, Madrid. Páxs. 154-156.

<sup>22</sup> Como exemplo, no 1694 chegou a coñecemento do arcebispo a moita necesidade que padecía a vila pola falta de pesca, que xa duraba catro anos seguidos. Respostando ás suplicas dos veciños e clérigos da vila, anunciou a súa decisión de bendecir a ría e o porto para implorar auxilio e, ó mesmo tempo, aplacar a cólera divina. (A.H.D.S. Fondo Parroquial. Parroquia de San Pedro de Muros. Serie Administración Parroquial, nº 1).

<sup>23</sup> A.H.D.S. Fondo Xeral. Serie Visita Pastoral, nº 1265.

dí que a vila tiña tantas casas como familias as habitaban, iso sin contar cortes para o gando, e ningunha desas casas estaba arruinada ou deshabitada.

Para comparar estes datos, e a modo de referencia, pola mesma fonte averiguamos o número de veciños correspondentes ás outras vilas costeiras de Galicia. Os resultados serían como segue:

Baiona	- 372	veciños
Cambados	- 149	“
Cangas	- 470	“
Carballo	- 64	“
Cedeira	- 170	“
Cée	- 214	“
Corcubión	- 230	“
A Coruña	- 2.054	“
Ferrol	- 310	“
Foz	- 143	“
A Guarda	- 526	“
Muxía	- 94	“
Noia	- 480	“
Ortigueira	- 90	“
Pontevedra	- 400	“
Pontevedra	- 1.100	“
Redondela	- 345	“
Rianxo	- 376	“
Ribadeo	- 300	“
Ribeira	- 111	“
Vigo	- 668	“
Viveiro	- 635	“

Entre tódalas vilas costeiras, a de Muros, cos seus 460 veciños, ocupaba o oitavo lugar, superada en número de habitantes por A Coruña, Pontevedra, Vigo, Viveiro, A Guarda, Noia e Cangas (aínda que estas dúas últimas practicamente tiñan o mesmo volume de poboación que Muros).

Así pois, o retroceso producido respecto a principios do século XVII é dobre, tanto polo que respecta ó número de habitantes da propia vila como en canto ó protagonismo acadado dentro das restantes cidades e vilas costeiras. Por outra banda, a caída dende 1740 fálanos dunha tendencia negativa que continuou durante a primeira metade do século XVIII.

O descenso demográfico de mediados do XVIII parece contrastar coa vitalidade do seu porto, xa que polas mesmas Respostas Xerais sabemos que en 1753 a vila contaba con 18 barcos mercantes (oito pataches e dez pinazas) para “*transportar generos a los Puertos del Reyno, y extranjeros*”<sup>24</sup> amais de 71 embarcacións (*lanchas*) de cerco e pesca. En troques, non contaba con ningunha feira ou mercado. Algo que se encargará de subsanar Carlos III cando en 1781 recoñeza a súa importancia económica concedéndolle unha feira, a celebrar en domingo. En canto a actividades industriais, tan só se menciona a existencia de catro muíños de fariña. Tamén se mencionan os dous hospitais, o de pobres, neste caso destinado a hospedar “*siete pobres de los vecinos de esta villa*”<sup>25</sup> e outro de leprosos “*que se reduce a tres casas para ospedar y curar en ellas algún pobre Lázaro cuando lo ay, y quando no se aplican sus alquileres con el balor de algunas rentas forales y el producto de algunas piezas de tierra para la manutención del otro Hospital*”<sup>26</sup>. Igualmente, entre as propiedades do rei na vila menciónase o castelo, con 12 canóns montados e dous almacéns no seu interior, un para gardar a pólvora e outro para as balas.

O Catastro tamén inclúe unha relación de oficios cos nomes e os salarios que a cadaquén lle correspondería, o que permite facerse unha idea detallada da estrutura socioprofesional da vila de Muros a mediados do XVIII. Lástima que nalgúns casos sexa incompleta, pois non figuran os labradores ou xornaleiros como tampouco os mariñeiros adicados á pesca<sup>27</sup>. Tamén quedan fóra os rendistas sen outro oficio coñecido. En total, as informacións fan referencia a 318 habitantes. Destacamos en primeiro termo os 18 empregados do concello, nas súas distintas categorías. Serían un xuíz nomeado polo arcebispo, dous alcaldes, catro rexedores, un procurador xeral, tres procuradores, outros tantos escribáns, un notario que tamén exerce como mestre de nenos, dous alguacís e un sarxento de inválidos. Así mesmo, tamén figuran catro funcionarios ligados á actividade portuaria.

---

<sup>24</sup> Todas estas embarcacións, sin excepción, viaxaban varias veces ó ano a localidades do País Vasco. Levaban sardiña e a cambio regresaban con ferro.

<sup>25</sup> Entre os habitantes da vila, aparecen 40 pobres de solemnidade.

<sup>26</sup> Algúns investigadores identificaron o hospital incluso no Santuario da Virxe do Camiño como o dos leprosos. Nada diso se desprende da documentación. O hospital dos leprosos estaría noutro lugar, polo que esta identificación parece o resultado dunha confusión. Efectivamente, semella que anexo á igrexa había un hospital, pero distinto ó dos leprosos. Un terceiro hospital do que temos constancia en 1726 e 1740, como xa vimos, pero que non se menciona no catastro nin noutros documentos. A cuestión é si estamos ante unha omisión por parte das fontes ou si a vida deste hospital foi tan efémera que unicamente consta a súa existencia nun determinado número de anos.

<sup>27</sup> Para coñecer a tripulación das lanchas de pesca e cerco, fálase dunha lista específica a cargo do Xuíz de Mariña e na que xa se estaría a traballar, pero da que nós non temos constancia algunha.

Tamén aparecen seis dependentes de tabacos e aduanas, en concreto un administrador, un cabo do resguardo, un garda, dous veredeiros e a propietaria dun estanco; catro dependentes de rendas provinciais, entre eles un administrador; e tres dependentes de salinas.

Como profesións liberais podemos citar un médico, dous cirurxiáns e un barbeiro sangrador. Pola súa banda, o clero estaría representado por doce sacerdotes, entre os que incluímos o prior e cinco cóengos da colexiata.

A burguesía consta de 70 individuos. Serían catro prestamistas <sup>28</sup>, tres propietarios de caldeiras para teñir as redes e 23 tratantes de peixe, ferro e outros xéneros. Tamén neste apartado incluímos a 18 donos de barcos adicados ó transporte de mercadorías. Entre os 18 individuos restantes temos oito tendeiros, tres taberneiros e seis tratantes de viño e carnes, amais do propietario dunha carnicería.

Moito máis reducido é o número de artesáns. Neste caso, son 47 individuos, entre os que destacan polo seu número os carpinteiros, os xastres e os zapateiros. Moitos deles traballan a tempo parcial, exercendo tamén de mariñeiros. En canto a estes últimos, unicamente temos os datos de 115 individuos que forman a tripulación dos buques mercantes. De tódolos xeitos sabemos que poucos anos máis tarde, en 1759, había na vila de Muros 363 mariñeiros, todos eles membros do gremio de mareantes <sup>29</sup>. Xa dende a Idade Media tódolos mariñeiros pertencían a este gremio, que lle pagaban o décimo á igrexa en forma de cera, cun representante que formaba parte do goberno municipal.

Finalmente, aparecen 40 pobres de solemnidade, cifra significativa se temos en conta que casi iguala á dos artesáns.

Destaca sen dúbida a importante presenza dunha burguesía formada maiormente por mercaderes e armadores. Dentro dos traballadores manuais, e tendo presente que os datos se refiren só á vila de Muros, sabemos que o número de campesíños e xornaleiros necesariamente tiña que ser moi reducido. Isto lévanos a concluir que a maioría da poboación estaría formada por mariñeiros adicados á pesca (incluíndo aquí tamén ós donos das lanchas).

Completando o anterior, o estudo dos ingresos e salarios permite facerse unha idea, aínda que sexa parcial, acerca do nivel de vida e as diferencias entre estamentos en canto a poder adquisitivo. Principiando pola base da pirámide social, os mariñeiros que forman a tripulación de pataches e pinazas recibirían, cada un deles, 407 reais

---

<sup>28</sup> Ao mesmo tempo, tratantes e donos de embarcacións.

<sup>29</sup> Meijide Pardo, Antonio, *El puerto de La Coruña en el siglo XVIII*, A Coruña. 1984, p. 60.

anualmente (o que equivale a 1´1 reais por día <sup>30</sup>), aclarando que non se trata dunha tripulación fixa “*pues los Patrones cuando hazen sus viajes llevan los que son de su satisfacion y ban alternando todos, o los mas marineros de esta Villa*”, e tendo en conta que estas dotacións deben engadirse ás que como pescadores lles corresponden, por canto estas viaxes, concentradas en determinados días do ano, non lles impiden adicarse tamen á pesca da sardiña. Precisamente, os mariñeiros das lanchas de pesca gañan dous reais cada día que saen ó mar, o mesmo salario que en teoría recibirían os xornaleiros do campo (por máis que se nos aclare que en realidade non se coñece de ninguén que traballe por xornal na vila), pero tamén os ferreiros, plateiros (estos “*mediante ser solo para algún remiendo*”), texedores ou fabricantes de sogas por cada día traballado. Máis abundantes son os salarios dos carpinteiros de riveira (5 reais diarios) <sup>31</sup>; algo menores son os dos restantes carpinteiros (4), xastres (3) e zapateiros (3).

Isto en canto ós artesáns e mariñeiros. Pero tampouco os cargos municipais disfrutaban dunhas remuneracións excesivas. De feito, ao xuíz da vila correspondía unha utilidade de 6 reais diarios, sendo aproximadamente de 3 reais a dos escribáns. Máis baixos aínda son os salarios dos alguacís (1´5 reais) <sup>32</sup>; igual cantidade percibe o sarxento de inválidos. En canto ó notario, que tamén exerce como mestre, percibe por ambos oficios a exigua cantidade de 1´37 reais, mentres que os procuradores cobran só 60 reais anualmente <sup>33</sup>. En canto ós catro rexedores, reciben por este cargo unicamente a cantidade simbólica de 25 reais anuais que lles paga a vila <sup>34</sup>.

Para o médico da vila hai un soldo de 4´5 reais diarios, mentres que tanto os dous cirurxiáns como o barbeiro sangrador deben contentarse con 1´5 reais cada un.

Os seis dependentes de tabacos e aduanas oscilan entre 6´5 <sup>35</sup> e 3, estando o seu salario medio en 4 reais. Maior disparidade temos aínda nos ingresos dos catro dependentes de rendas provinciais, cuns salarios diarios de 7´5 <sup>36</sup>, 3, 2´5 e 2 reais

---

<sup>30</sup> Pese a figurar esta cantidade de 407 reais anuais como o que correspondería individualmente a cada membro da tripulación, o máis seguro é que se trate dunha media, o cal indicaría a existencia de oscilacións dependendo de cada embarcación.

<sup>31</sup> Encargados da construción e reparación de barcos. Moi apreciados e, polo tanto, ben pagados.

<sup>32</sup> Un dos alguacís tamén é xastre, polo que percibe dous xornais. Sen dúbida, un alivio tendo en conta o oficio tan escasamente lucrativo que tiña no concello.

<sup>33</sup> Un deles chega ós 159 reais, por canto tamén recibe da vila 55 reais por darlle corda ó reloxo e outros 44 como porteiro do concello.

<sup>34</sup> Os dous alcaldes non perciben remuneración algunha, ó igual que o procurador xeral.

<sup>35</sup> O administrador, pola renda do tabaco xunto co dez por cento que percibe dos dereitos das rendas xerais.

<sup>36</sup> Este sería o salario que lle correspondería como administrador de rendas, pero ó mesmo tempo tamén figura como dependente de salinas, en calidade de receptor, con 6 reais, o que elevaría os seus ingresos a un total de 13´5 reais diarios.

respectivamente, o que fai unha media de 3'75, menor ca dos anteriores. O salario medio dos dependentes de salinas é algo máis baixo (3 reais), pero cunha forte oscilación que vai de 6 a 1'5.

Entrando na clase dos negociantes, de novo a diversidade parece ser a principal característica. Os ingresos dos tendeiros estarían entre 2'7 e 0'27, sendo a media de 1'8. Os tratantes de pescados e outros xéneros terían entre 2'2 e 0'27, cunha media de 0'74 reais. Máis reducidos todavía son os ingresos dos taberneiros (0'27 cada un). Os dos comerciantes en carnes é de 3 reais e os dos tratantes de viño oscilan entre 1'36 e 0'27 (a media destes últimos é dun real). Finalmente, as ganancias do dono da carnicería serían de 1'5 reais.

Estas diferencias, xa de por sí considerables, aínda se agravan tendo en conta a actividade diversificada dalgúns comerciantes, o que multiplicaba os seus ingresos. Así, Roque Moreiras, ademais de tratante en pescado e viños, posúe unha embarcación, do que resultan uns beneficios totais de 12'9 reais. As mesmas actividades desempeña D. Antonio Calderón, pero cuns ingresos algo menores (9'12); tamén Matías Sendón e Pedro Hermida, donos a medias dunha embarcación, gozaban dunha utilidade de 7'4 e 7'1 respectivamente. Máis baixos serían os ingresos de D. Alberto Giance e Juan de Malvárez, en torno a 5 reais cada un.

Dentro desta burguesía, tamén mencionamos a existencia de catro prestamistas ("*sugetos que dan dinero á lucro*", tal como aparecen no catastro). En canto ós xuros dos préstamos, dous deles percibirían 6'5 reais e os outros 4'9<sup>37</sup>, pero si incluímos as súas outras actividades, como tratantes ou armadores, o total dos seus ingresos ascendería a 42<sup>38</sup>, 28'2<sup>39</sup>, 7'6 e 6'8 respectivamente.

Finalmente, están os ingresos dos donos de embarcacións adicadas ó comercio. Como resultado dun acordo previo entre o propietario e a tripulación, nos pataches o barco queda coa terceira parte do valor das mercadorías coas que trafica, e o resto é repartido a partes iguais entre os mariñeiros, mentres que nas pinazas o barco queda só coa cuarta parte. Os beneficios son para o propietario das embarcacións,

---

<sup>37</sup> Os dous primeiros recibían anualmente 2.400 reais a cambio de ter prestados 20.000, mentres que os outros ingresaban 1.800 por un préstamo de 15.000. Todos invertiran en embarcacións, percibindo o seis por cento de cada viaxe.

<sup>38</sup> Trátase de D<sup>a</sup> María Antonia Pardiñas, nai de D. Juan Antonio Arredondo, prior da colexiata de Muros. Ademais de prestar 20.000 reais cuns intereses de 2.400, tamén é tratante de congrio a grande escala (1.000 reais de ingresos anuais, bastante por riba dos demais tratantes), comercia con viños e posúe dous buques mercantes, unha patache e unha pinaza (en ambas embarcacións figura como única propietaria, sendo ademais os barcos que maiores beneficios producen)

<sup>39</sup> D. Casiano Pérez, tratante en xéneros diversos e dono dunha embarcación.

que debe repartir cos interesados nos caudais cos que comercia<sup>40</sup>. No primeiro tipo de embarcacións, os beneficios varían entre 21´1 e 10´7 reais por día, cuns ingresos globais de 15´2<sup>41</sup>. En canto ós propietarios das pinazas, os beneficios resultan máis doados de calcular xa que, ó contrario do que ocurría coas outras embarcacións, son moi semellantes entre sí. Así, das dez pinazas, oito teñen uns ingresos, cada unha, de 9´9 reais diarios, mentres que as dúas restantes redúcense a 6´1<sup>42</sup>.

Como conclusión destes datos, a diversidade parece ser común denominador. Tamén parece claro que a riqueza se concentraba en poucas mans. De feito, de 318 individuos só 18 superan os 7 reais diarios, e todos eles, a excepción dun administrador de rendas, son membros do que poderíamos considerar unha alta burguesía de mercaderes e propietarios de buques mercantes. Tamén chama a atención os elevados salarios dos carpinteiros, especialmente os do porto, máis elevados que os do médico da vila, chegando mesmo a igualar a dotación do xuíz nomeado polo arcebispo<sup>43</sup>.

## 5. A PROSPERIDADE DE FINAIS DO SÉCULO XVIII: O NEGOCIO DA SARDIÑA

A poboación de Muros aumentou na segunda metade do século XVIII. En 1791 tiña 4.958 habitantes<sup>44</sup>. Un feito máis destacable tendo en conta o feble crecemento da poboación galega neses anos, que pasou de 1.299.312 habitantes en 1752 a 1.340.192 en 1787. Sen dúbida, nestes anos é unha vila importante, cunha poboación que casi duplicaba os habitantes que ten actualmente. Outra proba deste potencial demográfico témola no testemuño de D. Juan Andrés Sardiñeira, cóngo da Colexiata e párroco de San Pedro, quen en 1786 comunicáballe ó arcebispo que na vila e nos seus termos habitaban preto de 6.000 persoas, queixándose ao mesmo

<sup>40</sup> Nada se nos dí destes interesados, só que se trata de persoas legas (non eclesiásticos).

<sup>41</sup> As ganancias resultan máis moderadas si consideramos que a metade das embarcacións teñen dous propietarios. Neste caso, os beneficios divídense a partes iguais.

<sup>42</sup> Seis das dez pinazas pertencen a varios propietarios, cuns beneficios repartidos ó 50 %, a excepción dunha delas, onde o reparto é a un un tercio e dúas terceiras partes.

<sup>43</sup> A finalidade de todas estas pesquisas era o establecemento dun único imposto sobre as propiedades e os ingresos. Neste contexto, sempre cabe a posibilidade de que os ingresos sexan rebaxados fraudulentamente sobre o papel para pagar menos. Pero tampouco ten necesariamente que ser así. En todo caso, non nos parece correcto vulgar de antemán a fiabilidade dos informantes nin o celo dos encargados de levar a cabo as averiguacións.

<sup>44</sup> A.H.D.S. Fondo Xeral, Serie Visita Pastoral, nº 1271.

tempo do agobio que tal volume de poboación supoñía para só tres confesores e pedíndolle ó prelado que aumentase o seu número<sup>45</sup>. Aínda que sempre cabe pensar que o cóengo esaxerase un pouco as cifras para obter do prelado a axuda demandada, a expansión demográfica parece fóra de toda dúbida.

Pola súa parte, tamén a finais do século XVIII, don Antonio Vegas, no seu dicionario (1795), referíndose á vila de Muros, fala da súa prosperidade, afirmando que os seus habitantes ocúpanse da pesca e da cabotaxe e asegurando que “*su gremio de mareantes es mas acomodado que ningun otro de aquel Reyno*”<sup>46</sup>. Unha visión tal vez excesivamente xeral, que precisa ser matizada. Seguramente estea máis cerca da realidade a descrición que da súa poboación facía o visitador do arcebispado cando en 1791 aseguraba que “*parece una Aldea de muchos vecinos, y de poco gusto por ser aspero el sitio, y despoblado de Arboles: Los mas de los vecinos son marineros y comerciantes en sardina, congrio, aceyte, hierro y otros abastos. Ay algunos vecinos muy poderosos, pero tambien ay muchos pobres*”<sup>47</sup>. En todo caso, a imaxe que recibimos é a dunha vila rica e en plena expansión, en correspondencia coa súa ría “*fertil de pesca, la mejor sardina del Reyno*”<sup>48</sup>.

Sobre este último aspecto, sinalar que a principios do século XIX, en canto a capturas de sardiña, o porto de Muros, con 40.000 *millares* (sic) cada ano “*de que extraen sus naturales una buena parte á vários Puertos del Reyno*”, ocupaba o terceiro lugar entre tódolos portos de Galicia, unicamente superado polos de Ares<sup>49</sup> e Cangas<sup>50</sup>. Dos demais portos, só Marín se lle aproximaba. Os restantes tiñan un volume de capturas moito máis reducido (30.000 en Mugar dos<sup>51</sup> e outros tantos en Pontedeume, 25.000 en Ribeira, 24.000 en Viveiro, 20.000 en Ponteveda pese a que “*se asegura haber sido tan considerable en tiempos antiguos*”, a mesma cantidade en Oia e Betanzos, 15.000 en Baiona, 10.500 no de Vigo, 60.000 unindo

<sup>45</sup> A.H.D.S. Fondo Xeral. Serie Estadística, nº 42.

<sup>46</sup> *Diccionario Geográfico Universal*, por Don Antonio Vegas. Tomo 4, Madrid. 1795.

<sup>47</sup> Id. que en nota 43.

<sup>48</sup> *Población general de España, sus Reynos, y provincias, ciudades ...* de Don Juan Antonio Estrada, Madrid 1768. Páxs.64-96.

<sup>49</sup> Sendo o de Ares un porto pequeno, chama a atención que conxuntamente co de Redes o seu volume de capturas acadase os 80.000 millares anuais. Dende logo, é a súa principal industria, con exportacións a Baiona (Francia), San Sebastián, Asturias, Cataluña e outros portos do Mediterráneo e de Galicia, sendo tamén considerable a extracción da graxa da mesma sardiña.

<sup>50</sup> En Cangas son 60.000, exportándose unha parte, entre outros, a Barcelona, Bilbao, Santander e Avilés.

<sup>51</sup> Trátase da principal industria de Mugar dos, con destino a varios portos da Península, cuxa abundancia é a causa de que a poboación aumentase dalgún tempo a esta parte.



as capturas de Fisterra, Corcubión, Cée e O Pindo, ou 30.000 entre Camariñas e Muxía) <sup>52</sup>.

A prosperidade da vila parece estenderse ós territorios dela dependentes, o que tamén se traduce nas dinámicas demográficas. Así vemos que a finais do século XVIII (1797) a Xurisdicción de Muros constaba de 3.437 veciños, unhas cifras só superadas, entre tódalas xurisdiccións da provincia de Santiago, polas da súa capital <sup>53</sup>.

Sobre a descripción do entorno (1789), se nos di que media milla <sup>54</sup> ó nordés da Punta de Bouxo “*está la Atalaya de Muros, alta, cortada á pique y hondable, con un molino de viento quasi arruinado en su cumbre, y es la Punta meridional del Puerto de Muros*” <sup>55</sup>. A continuación, seguindo en dirección noroeste outra media milla, “*se verá un Castillo á la orilla del mar, desde el cual principia la playa y la Poblacion de Muros que es mediana, y tiene en su fondeadero algunos Pataches para el tráfico, y muchos Barcos pescadores. En el fondo del Puerto hay otra Poblacion que nombran S. Juan de Sierras*” <sup>56</sup>. Unha milla ó nordés da citada atalaia “*está la Punta y Ermita de S. Antonio, que es la setentrional de este Puerto, de una regular altura y queda aislada cuando es pleamar*” <sup>57</sup>. Finalmente, dende a atalaia e seguindo na mesma dirección nordés unha milla e un tercio atópase “*la Punta de Outeyro gordo, desde la cual principia la Ensenada de Bornalla con playa y riachuelo en su fondo, y termina en una pequena Isla toda rodeada de Islotillos y piedras ocultas, con una Ermita en su cumbre ya abandonada y fué dedicada á Santa Catalina*” <sup>58</sup> Os lugares e distancias mencionadas aínda hoxe son facilmente recoñecibles <sup>59</sup>.

---

<sup>52</sup> *Descripción Económica del Reyno de Galicia por la Junta de Gobierno del Real Consulado de La Coruña*. Escrito por Don José Lucas Labrada, Secretario por SM del mismo Cuerpo, Ferrol 1804.

<sup>53</sup> Id. que en nota 47. Páxs. 212-221.

<sup>54</sup> Millas marítimas, equivalentes a 1.852 metros.

<sup>55</sup> Pola descrição que se nos da, estaría situada á beira do mar, nunha zona de acantilados, en lugar especialmente propicio para a vixiancia. O que non sabemos é si constaba dunha torre ou edificio análogo, ou se trataba simplemente dun entorno natural acondicionado para a observación. O que sí podemos afirmar é que o seu emprazamento parece corresponderse coas inmediacións do Faro do Rebordiño, saíndo pola carreiteira de Muros hacia Louro; concretando máis, estaría situada a 50 ou 100 metros de dito faro, en dirección a Louro seguindo o paseo marítimo. En canto ó muíño de que se fai mención, sinalar que no sur da vila, nunha zona alta cercana ó faro, figura unha rúa chamada do Muíño de Vento.

<sup>56</sup> San Xoán de Serres, parroquia veciña a de Muros.

<sup>57</sup> Situado xa fóra da vila, na carreiteira que vai hacia Noia. Pertence á parroquia de Serres.

<sup>58</sup> A enseada e praia de Bornalle pertencen á parroquia de San Estebo de Abelleira.

<sup>59</sup> *Derrotero de las costas de España en el Océano Atlántico y de las Islas Azores ó Terceiras*. Por Fr. D. Antonio Valdés y D. Vicente Tofiño de San Miguel, Madrid 1789. Páxs. 41-43. Coa axuda de mapas actuais, e especialmente co programa informático Google Earth, fun comprobando minuciosamente tanto os lugares como as distancias, e comprobei que, con algunhas excepcións, respondían con bastante exactitude coa realidade.

## 6. AS NOVAS FÁBRICAS

Os 650 veciños e 3.400 habitantes de 1814 <sup>60</sup> indican que a poboación sufriu un brusco descenso nos primeiros anos do século XIX. Un período que coincide coa Guerra da Independencia e coa chegada dos franceses, que para Muros tivo lamentables consecuencias <sup>61</sup>. Ben sexa como resultado da guerra ou por outras causas, o certo é que nestes anos a poboación da vila sufrirá un forte retroceso.

En 1826 a vila tiña 806 veciños e 4.011 habitantes <sup>62</sup>. Estas cifras indican unha recuperación da crise de comezos de século e un notable aumento tendo en conta os poucos anos transcurridos. Aínda así, e para ter unha idea máis ampla, faremos unha comparación coa situación das principais vilas da costa galega <sup>63</sup>:

Baiona	-	1.650	habitantes
Cambados	-	1.600	“
Cangas	-	3.069	“
Cedeira	-	798	“
Cée	-	1.150	“
Corcubión	-	1.170	“
A Coruña	-	18.273	“
Ferrol	-	13.384	“
Foz	-	1.063	“
A Guarda	-	2.413	“
Noia	-	2.590	“
Pobra do Deán	-	1.600	“
Pontedeume	-	2.216	”
Pontevedra	-	4.937	“
Redondela	-	1.475	“

<sup>60</sup> A.H.D.S. Fondo Xeral. Serie Estadística, nº 1.186 (Trátase de informes presentados por tódalas parroquias do arcebispado a requerimento do goberno).

<sup>61</sup> Os franceses queimaron parte da vila, ardendo, amais das casas, o arquivo onde se gardaba a documentación antiga da vila. Pero non parece que as perdas humanas fosen especialmente cuantiosas. Así, relacionado con este episodio, o día 26 de marzo de 1809 tiveron lugar oito enterros, efecto da entrada dos franceses na vila, “la que saquearon e incendiaron 186 casas y murieron los sugetos aqui anotados a manos de dichas tropas francesas”. Eran seis homes e dúas mulleres (A.H.D.S. Fondo Parroquial. Parroquia de S. Pedro de Muros. Serie Libros Sacramentales, nº 32).

<sup>62</sup> Son datos do *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal*, de Sebastián de Miñano y Bedoya. Tomo VI, Madrid 1826. Páxs. 198-199.

<sup>63</sup> *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal ... Tomos I - XI*

Ribadeo	-	2.786	“
Vigo	-	5.688	“
Vilagarcía	-	1.859	“
Viveiro	-	540	“

A importancia de Muros naqueles anos resulta incuestionable. Entre tódalas vilas do litoral, a de Muros ocupaba o quinto lugar. Tan só A Coruña e Ferrol desmarcábanse claramente. Vigo estaba máis poboada, certamente, pero o seu dominio era máis ben modesto. E estaba moi preto de Pontevedra, sumida nun estancamento que xa duraba máis de dous séculos. Outras vilas, como Cangas, Ribadeo ou A Guarda quedaban moi por detrás, mentres que Noia, *eterno rival*, tiña pouco máis da metade da poboación de Muros.

Tamén se nos fai unha descrición pormenorizada da vila, emprazada nunha praia longa “*y extendida en terreno escabroso y sombrío por estar rodeado de montes*”. A colexiata de Santa María serve de parroquia, por estar destruída a igrexa parroquial. Fala dos dous hospitais, “*1 hospital para pobres en el que hay seis celdillas para igual número de mugeres enteramente necesitadas; para los lazarinos hay casas destinadas fuera del pueblo en el barrio de Ntra. Sra. Del Camino, pero por lo comun no viven en ellas*”. Así mesmo, conta cun castelo “*muy bueno con su cuartel para la guarnicion, pero se halla abandonado y sin cañones*” e cunha escola de primeiras letras<sup>64</sup>. En canto ás casas, “*son antiguas y muchas destruidas por el incendio que sufrió por los franceses en la guerra llamada de la independencia*”. Nas inmediacións da vila a agricultura atópase moi abandonada, e iso a pesar da fertilidade da terra, por canto os habitantes empréganse na pesca e na navegación que forma a súa principal riqueza. En canto ao porto “*tiene buen surgidero y admite todo género de buques*”, aínda que estea pouco abrigado dos ventos Leste e Surleste. Dito porto, xunto cos máis pequenos de O Freixo, Mosteiro, Puente de Don Alonso e Santiago de Tal, conta con 225 embarcacións “*armadas y desarmadas, á saber: 2 bergantines, 2 balandras, 5 pataches, 9 quechemarines, , 5 pinazas, 1 galeon y el resto lanchas, botes y canoas*”. Unha flota realmente cuantiosa. Respecto ó número de persoas empregadas no mar ou susceptibles de seren enroladas ó servizo do rei, as cifras tamén son moi

---

<sup>64</sup> Sobre esta última, resaltar a xenerosidade de D. Ignacio Suárez, natural de Muros e veciño de Cádiz, que tralo seu falecemento en 1800 deixou en depósito 252.000 reais para fundar unha escola de primeiras letras, coa idea de que este caudal producise 22 reais diarios, 10 para o primeiro mestre, 8 para o segundo e o restante para surtir de papel, plumas e tinta ós nenos pobres. Posteriormente, a súa viuda engadiu 20.000 reais para o edificio.

elocuentes: “su fuerza matriculada es de 371 hombres de marinería útil, 111 de marinería hábil fuera del distrito, 232 fuerza exceptuada del servicio, y 23 fuerza no matriculada que disfruta del beneficio del mar”. En total, son 737 mariñeiros, en torno ó 18 % da poboación total.

En canto á actividade industrial, “hay fabricas de salazon de sardina de la que hay mucha abundancia en la ría de Muros; estan esparcidas en los sitios mas á propósito cerca de las playas, en todo el recinto de la ría. En el dia no pasaran de 12 los principales fomentadores, pero hay muchos que trabajan según sus posibles ó según su abundancia”<sup>65</sup>. A imaxe que o autor nos da destes empresarios cataláns non é moi positiva. Deles asegura que “era un pueblo rico antes de establecer sus almacenes los catalanes, y maxime por los aparejos que han inventado y que han arruinado esta industria”. Os cataláns posúen vinte e seis ou vinte e sete almacéns repartidos por distintos puntos da ría de Muros, cos seus aparellos “teniendo que estar todos sujetos á su jornal, y aun los dueños de embarcaciones para que les carguen sus buques”.

Sobre o aspecto e a morfoloxía da vila, lemos o seguinte:

“Tiene dos calles principales: la primera que se llama la Ribera, por estar inmediata á la playa, tiene soportales; y la segunda nombran calle de Arriba; hay otras calles y callejones transversales con nombres diferentes. La villa se divide en dos partes: una denominada de la Gesta y la otra de la Cerca. Tiene 3 plazas pequeñas, en la mayor, que está enlosada y en el centro del pueblo, es donde se venden los frutos y comestibles; otra denominada de la Leña y la última de los Toros, porque se suelen jugar en ella dos ó tres corridas de novillos en los días señalados del año. En esta plaza hay un excelente reloj, pero muy mal cuidado por no haber persona de inteligencia que lo cuide. En el extremo S. del pueblo hay una pequeña alameda con calle de árboles y asientos<sup>66</sup>, y cerca de ella hay un manantial de aguas minerales de poco concepto”

---

<sup>65</sup> Consultando outra fonte do mesmo período, sobre o número de fábricas coas que contaba a vila de Muros, constatamos a existencia de doce fábricas grandes ademais doutros establecementos máis pequenos, esparcidos por todo o recinto da vila nos sitios máis adecuados, cerca das praias. Afirma que antes de chegar os cataláns tódolos beneficios desta industria estaba en mans dos naturais, pero os empresarios foráneos, cos seus novos aparellos, foron acabando coas fábricas do país.

(*Diccionario geográfico universal, dedicado a la Reina Nuestra Señora*. Por una Sociedad de Literatos. Tomo VI, Barcelona 1832, p. 494-495).

<sup>66</sup> Nesta alameda e nos seus arredores era onde se celebraba feira o primeiro domingo de cada mes “siendo la principal venta la de cerdos que traen de las aldeas inmediatas”.

Finalmente, os seus habitantes son definidos como dóciles, afables e moi destros na arte de navegar.

Pascual Madoz, no seu diccionario de mediados do século XIX <sup>67</sup>, asegura que compoñen a poboación un millar de casas, dándolle unha poboación de 1.014 veciños e 4.792 almas. Menciona os dous barrios, A Xesta e A Cerca, asegurando que entre as súas rúas, unicamente merecen tal nome “*la de Arriba y la de la Ribera*” <sup>68</sup>. Tamén fai alusión as súas tres prazas, “*la Mayor, la de la Leña y la de los Toros*”. Esta última cun reloxo público “*sobre una torre gótica de 42 pies de elevacion, y en su cúspide una torrecilla que sostiene á la campana*”. Amais diso, conta cunha escola privada cun mestre que carece tanto de título como de dotación e á que acoden 46 nenos e 30 nenas. Tamén ten seis fontes ademais das cinco que están situadas no seu termo “*todas son de buen agua potable aunque cargadas de nitro*”. A saúde dos habitantes polo xeral é boa, relacionada cun clima temperado e san “*no obstante que se experimentan fiebres estacionales que degeneran en inflamatorias, y se padecen algunos vicios sifilíticos*”.

Dentro dos límites do partido xudicial, que comprende os actuais concellos de Carnota, Mazaricos, Muros e Outes, dísenos que o porto de Muros é o único que proporciona algún comercio, por canto outros, como os de Esteiro ou O Freixo, só serven para embarcacións menores e de pesca. Igualmente, menciona 30 fábricas de salazón no concello que se sosteñen da pesca “*para la cual tienen estos naturales gran porcion de barcas y botes que al mismo tiempo sirven para el transporte y pasage entre los puertos inmediatos*”. Aínda que a principal industria é a pesca e a salazón, tamén hai teares, muíños de fariña, e vinte fábricas e almacéns de salazón de arenques.

En canto ás demais vilas do litoral, a situación a mediados do XIX é basicamente a mesma. Muros sigue ocupando o quinto lugar, por detrás de Ferrol, A Coruña, Pontevedra e Vigo.

A xulgar polos datos anteriores, a segunda metade do século XVIII e a primeira do XIX son un período expansivo, interrompido polo forte descenso producido nos comezos do XIX. Neste proceso, o punto álxido serán as últimas décadas do século XVIII, logrando recuperar os anteriores niveis, aínda que sen igualalos, hacia 1850.

O crecemento da poboación galega nese período, polo menos entre 1787 e 1842 (xa que entre 1842 e 1857 parece ter lugar unha potente fase expansiva) é moi modesto, practicamente ó borde do estancamento. Esta disparidade pon de

<sup>67</sup> *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, de Pascual Madoz, Madrid 1845-1850

<sup>68</sup> As actuais Rúa Real e Avenida Castelao.

manifesto a existencia de realidades moi diferentes segundo o lugar do que falemos. A diferenza do que sucede nas comarcas do interior, os últimos anos do XVIII e primeiras décadas do XIX serán un momento de gran vitalidade económica para moitas vilas costeiras coa chegada dos fomentadores cataláns e a instalación das novas fábricas de salazón. Aparecerán xa na segunda metade do XVIII na ría de Arousa, chegando a Muros nas primeiras décadas do XIX. Emprazadas polo xeral en primeira liña de praia, en lugares abrigados e de acceso doado para as embarcacións, estas fábricas marcaron tanto a fisonomía como a vida laboral da zona. Crearon un bo número de empregos<sup>69</sup>, estimulando o aumento da poboación. Revolucionaron a economía con novas artes de pesca e coas novas técnicas que incrementaban a produtividade do traballo, e arrastraron outros sectores económicos, como os asteleiros ou a construción de toneis. Hoxe apreciamos todavía as ruínas destas fábricas onde antigamente estaban os arrabais, tanto na saída cara a Noia como na de Louro.

Todo semella que o aumento demográfico da primeira metade do XIX, unha vez superada a crise dos primeiros anos, debe poñerse en relación coa aparición dos novos métodos de produción. Aínda que tampouco debemos esquecer a situación de auxe de finais do XVIII, antes da chegada dos novos empresarios. En relación con isto, non estaría de máis lembrar a opinión que Sebastián de Miñano tiña dos cataláns, non como fomentadores de riqueza e de progreso, senón como destructores dunha prosperidade previa. Unha opinión compartida por outros<sup>70</sup>. Dúas facetas aparentemente contraditorias, pero tal vez igualmente certas. Dende logo, abriron novas fontes de progreso, pero ó tempo que desfizeron outras; crearon empregos, certamente, pero tamén os destruíron. En todo caso, a visión de Sebastián de Miñano seguramente non fai senón reflexar o rexeitamento que espertaban en boa parte da poboación. A oposición viña dende distintas fronteiras. Oposición dos mariñeiros, aqueles que antes eran donos dos seus barcos e aparellos e que agora se sentían ameazados por un proceso crecente de proletarización, pero tamén da vella burguesía do lugar que vían na chegada dunha burguesía foránea unha competencia que perxudicaba os seus negocios e que os relegaría económica e socialmente, como así sucedeu. Esta animosidade contra os *invasores* non sempre se mantivo no terreo dos discursos. Xa en 1812 fíxose

---

<sup>69</sup> Estímase que no último tercio do século XIX a industria do salazón en Galicia empregaba entre 6.000 e 10.000 traballadores.

<sup>70</sup> En termos de colonialismo pronuncianse algúns ó afirmar que “antes de establecerse los Catalanes estaba toda la riqueza de este ramo de industria en los naturales, pero con los nuevos aparejos que éstos han introducido se han ido aniquilando las fábricas del país”. (*Diccionario Geográfico Universal*. Por una Sociedad de Literatos, Barcelona 1832. Tomo VI. Páx. 495).

patente coa queima e destrucción de propiedades dos cataláns, o que conlevou que a vila fose multada <sup>71</sup>.

O padrón parroquial de 1870 dálle á vila unha poboación de 733 veciños e 3.122 individuos <sup>72</sup>. O descenso é moi marcado, e contrasta coa evolución experimentada polo conxunto de Galicia. A situación a finais de século parece confirmar a tendencia negativa. Concretamente, en 1891 a poboación da vila de Muros era de 2.795 habitantes <sup>73</sup>. Pouco máis da metade da que tiña a mediados de século. Por riba, estamos ante unha evolución moi distinta á do concello, que entre 1857 a 1900 pasou de 7.300 a 9.960 habitantes <sup>74</sup>. Algo parecido ó acontecido para o conxunto de Galicia, cun crecemento moi feble na primeira metade do século XIX pero cun aumento considerable na segunda metade. A emigración a ultramar, moito menor na primeira metade, así como un certo retroceso na actividade económica, que afectaría exclusivamente á vila e non ó seu entorno, poderían explicar este descenso <sup>75</sup>. Pero tamén a fame e as epidemias. Moitas epidemias, como a de cólera que arrasou Galicia en 1853, tiveron unha violenta incidencia nos portos de mar, por onde adoitaban entrar.

## 7. OS PRIMEIROS SÍNTOMAS DA CRISE

A evolución do número de habitantes fálanos dunha clara tendencia ó estacamento durante o primeiro tercio do século XX. Segundo datos do censo dese ano, a vila de Muros contaba en 1900 con 2.467 habitantes. Constatamos un claro retroceso respecto a 1890, que continúa coa tendencia xa iniciada polo menos dende 1870. En 1920 a situación apenas se modificou, sendo a súa poboación de

<sup>71</sup> Citado por Ramón de Artaza, 1959, *La Villa de Muros y su distrito*.

<sup>72</sup> A.H.D.S. Fondo Parroquial (parroquia de San Pedro de Muros). Serie Padrón parroquial, nº 3 – Padrón de almas.

<sup>73</sup> Id. que en nota 71.

<sup>74</sup> Datos do Instituto Nacional de Estadística (Demografía y Población. Cifras de población y Censos demográficos).

<sup>75</sup> A partir da década de 1880 as fábricas de salazón comezarán a verse desbancadas polas conserveiras. Ambas coexistirán durante o primeiro tercio do século XX, e a partir dos anos da Guerra Civil o salazón pasará a ser unha actividade moi residual. O golpe de gracia para esta industria chegará nos anos 40, pola escasez da sardiña e ante a imposibilidade de competir cunha industria conserveira cada vez máis moderna e diversificada. De todolos xeitos, a finais do XIX aínda funcionaban na ría de Muros 28 fábricas de salazón e conservas que daban emprego a varios miles de homes e mulleres, e existían unhas 800 embarcacións adicadas exclusivamente á pesca da sardiña. Se ben é posible que a situación xa non fose tan boiante como a mediados de século. En todo caso, a verdadeira crise chegaría uns anos despois.

2.556 <sup>76</sup>. O estancamento, incluso cunha lixeira tendencia á baixa, continuará durante os anos 20 <sup>77</sup>.

De novo, debemos referirnos á situación económica para tratar de explicar os avatares demográficos. Ao principiar o século XX, pese ó comentado descenso demográfico, a explotación industrial da pesca chegara ó seu punto culminante. Así, segundo Artaza Malvárez, no 1900 Muros posuía nada menos que 700 lanchas de pesca <sup>78</sup>. A actividade do seu porto, non só pequeira senón tamén comercial, era moi intensa, tal como poñen de manifesto as crónicas e noticias da época. Outros datos non fan senón confirmar a importancia industrial e comercial dos primeiros anos do século XX. Había daquela na vila 20 fábricas de salazón de sardiña e tres máis de escabeches e conservas, dous asteleiros para a construción de buques, ademais de catro navieiros, dous consignatarios de buques e 42 capitáns e pilotos de barcos mercantes. O número de establecementos comerciais ascendía a 41, maiormente 11 de ultramarinos, 8 de tecidos, 7 de cristalería e louza, 5 ferreterías e 4 pastelerías. O número de artesáns era de 138, destacando polo seu número os fabricantes de toneis (60) seguidos dos carpinteiros (22) e zapateiros (12). Tamén en canto a servizos públicos a dotación era moi completa. Contaba con xulgado de primeira instancia, unha corporación municipal composta polo alcalde e 16 concellais, rexistro da propiedade, xulgado municipal, axudante de mariña e capitán de porto, aduana de 4ª clase, estación telegráfica e estafeta de correos, unha sección do corpo de carabineros composta por 22 membros e mandada por un oficial, un posto da garda civil, un establecemento penitenciario para a pena de arresto maior e un viceconsulado de Portugal. Dentro dos sectores de ocio e restauración, había 6 restaurantes, 2 fondas e outros tantos centros de recreo. Respecto a outro tipo de profesionais, mencionamos 10 avogados, 3 procuradores, 2 notarios, 3 médicos, outros tantos farmacéuticos, un cirurxián, 3 profesores de instrución primaria, 3 profesoras en partos, un profesor de música, dous pintores e un fotógrafo <sup>79</sup>.

Será ó longo do primeiro tercio do século XX cando as fábricas de salazón sufran un brusco revés, debido á desaparición da sardiña dos caladoiros. A marcha da sardiña, que parece coincidir sobre todo cos anos da Primeira Guerra Mundial, sumiu

---

<sup>76</sup> A.H.D.S. Fondo Parroquial. Parroquia de San Pedro de Muros. Serie Padrón Parroquial, nº 4.

<sup>77</sup> *Guías Eclesiásticas de la Archidiócesis de Santiago de Compostela*. Anos 1894, 1902, 1907, 1914, 1918, 1923, 1929, 1958.

<sup>78</sup> Artaza Malvárez, Ramón de, *La Villa de Muros y su distrito*, 2ª edición 1959.

<sup>79</sup> Xunto coa poboación da vila no 1900, xa mencionada, estes datos apareceron nun artigo do periódico local El Pueblo Muradano con data 29 de Xuño de 1903, nun número especial. Publicado na Páxina Web Homes de pedra en barcos de pau (<http://homesdepedraenbarcosdepau.lacoctelera.net>).



á poboación nun período de fame e pobreza <sup>80</sup>. Era o efecto indesexado dun uso intensivo e prolongado dos recursos marítimos, incrementado nos últimos tempos coa explotación industrial a grande escala <sup>81</sup>. Os industriais tiveron serias dificultades para superar a crise. Moitas fábricas pecharon e quedaron abandonadas. A emigración, que ata entón afectaba principalmente ó interior, farase sentir con forza nos portos de mar. Unha vila tan reducida como Fisterra chegou en poucos anos ó millar de pescadores emigrados. Isto ven sucedendo “*desde que no pescan la sardina con la facilidad que lo hacían hará unos quince ó veinte años, en cuyas épocas era Galicia una mina para los habitantes de sus costas*”, provocado por un aumento moi considerable de aparellos e pescadores na zona nos dez últimos anos <sup>82</sup>.

---

<sup>80</sup> Xa indicamos a escasez de terras en Muros e como os seus habitantes vivían exclusivamente da pesca ou do comercio, non da agricultura. Isto non fará senón agravar unha situación xa de por si complicada. Unha adicación ás labores agrícolas, aínda que fose como actividade secundaria ou de complemento, faría que en momentos difíciles dispuxesen de ingresos extras ou cando menos dunha reserva de alimentos. De non ser así, faltando a pesca, tampouco había comida. A isto habería que engadir, seguindo as apreciacións dalgúns autores, o propio carácter das xentes do mar, que o gastan todo en época de prosperidade, e pasan fame en momentos de escasez. Así, Benigno Rodríguez Santamaría (*Los pescadores del Norte y Noroeste de España*, Madrid 1916), falando dos mariñeiros aseguraba que “*todos, absolutamente todos, son lo mismo, viviendo de la misma manera en época de abundancia de pescas, como cuando hai escasez de ellas. Así es la clase pescadora: pedir prestado en el invierno para pagar en el verano, con lo que espera ganar sin seguridad de conseguirlo*” (páxs. 18-19).

<sup>81</sup> Segundo Fabeiro Gómez (*Páxinas históricas de Muros*, 1997), isto tería moito que ver con prácticas pesqueiras inadecuadas, por non decir delictivas. Unhas prácticas que xa veñen de lonxe, como mostran os preitos que Muros sostivo con Porto do Son por mor destas cuestións, xa no século XVI. Pero en tempos máis recentes as consecuencias foron nefastas. Esta sería a causa de que o peixe fuxise das costas. Como exemplo destas prácticas, moitos barcos da ría usaban dinamita para pescar a sardiña.

<sup>82</sup> Rodríguez Santamaría, B., 1916, *Los pescadores del Norte y Noroeste de España*, pp. 315-316. O mesmo autor tamén describe con detalle o estado de abandono e postración no que se atopaban as familias mariñeiras. O cadro que nos amosa é certamente sombrío. Os medios de pesca, aparellos e embarcacións, están na súa maior parte en mans de fabricantes e fomentadores, sendo os mariñeiros simples asalariados, donos de nada, “*por cuya razón tienen poco interés por la industria á que se dedican*”. Unha alimentación insuficiente, agravada polo abuso de bebidas alcohólicas, nas que gastan a maior parte do que gañan, en especial “*aguardiente de orujo compuesto por alcoholes industriales de lo peor que puede fabricarse (...) resulta un verdadero veneno para esta clase de gente, que no se conforman con una sola copa por la mañana, sino que la toman por cuarterones durante el día y además fuman también muchísimo*”. As vivendas pésimas e insalubres. Como consecuencia, hai un elevado número de enfermos, especialmente anémicos, sobre todo rapazes xóvenes. A taxa de analfabetismo é moi elevada, só un tercio saben ler e escribir. Casan moi novos “*así que luego se llenan de hijos y después la miseria, por falta de medios para cuidarlos y mantenerlos*”. Os fillos xa con sete anos acompañan ós pais. Moitos están sucios, mal alimentados e peor vestidos “*y de esto tienen la culpa sus padres, que ganando más de la pesca que los del Norte, andan peor por invertir una buena parte de esa ganancia en bebidas y otros gastos supérfluos*”. No inverno, cando a pesca escasea, a súa situación é moi precaria, especialmente para os pescadores de oficio que carecen de terras, vivindo dos préstamos que llen fan os armadores, sen outra cousa que facer que pasearse e ir á taberna.

Con todo, semella que a vila, polo menos durante as primeiras décadas do século XX, mantivo unha certa importancia comercial, como pode comprobarse, por exemplo, no magnífico edificio da praza de abastos, así como unha certa vida social que se plasmará na erección do teatro Mercedes. No mesmo senso, resulta moi ilustrativo o extraordinario florecemento de periódicos locais que tivo lugar nestes anos; de feito, só entre 1900 e 1909 aparecerán, como mínimo, sete publicacións deste tipo <sup>83</sup>. Será tamén neste momento cando se constrúa a estrada da beira do mar, facendo necesario levantar un muro de contención e eliminando a zona alta da praia. Isto supuxo unha importante modificación da morfoloxía urbana, pois ata o levantamento deste muro as ondas do mar chegaban ós soportais das casas da ribeira, onde con frecuencia se amarraban as embarcacións.

Apenas atopamos datos relativos á vila entre 1930 e 1960. Unicamente sinalar que en 1958 tiña 845 veciños, unha cifra realmente elevada <sup>84</sup>. Para facernos unha idea, tivemos que recurrir ás cifras para o conxunto do concello, por máis que as tendencias non sempre coincidan. Así e todo, e seguindo estas informacións, vemos que durante a década de 1930 tivo lugar un descenso de poboación (11.781 en 1930; 11.476 en 1940). Tal vez continuación da crise da sardiña ou consecuencia dos avatares políticos. Sabemos que durante a guerra civil funcionou na vila un campo de prisioneiros, situado precisamente no local ocupado por unha das antigas fábricas de salazón <sup>85</sup>. Durante os anos 40 a poboación aumentará, acentuándose esta tendencia na década de 1950. O incremento da natalidade, trala guerra, xunto coas dificultades para emigrar, poderían ser as causas deste aumento. O que non parece é que a situación económica teña moito que ver. De feito, foron anos de fame, como testemuñan os veciños máis vellos do lugar. Pero a poboación mantívose, e a súa caída aínda tardaría anos en chegar.

## 8. A DESFEITA ECONÓMICA E DEMOGRÁFICA

En 1965 na vila habitaban 692 veciños e 3.464 habitantes <sup>86</sup>. Unha poboación considerable, froito dun acentuado crecemento nas últimas décadas, pero tamén dun certo desenrolo da actividade pesqueira na década de 1960, como consecuencia

---

<sup>83</sup> Manuel Fabeiro Gómez, *Pueblos de Galicia. Muros de San Pedro*, Ames. 2000. P. 24.

<sup>84</sup> Guías Eclesiásticas de la Archidiócesis de Santiago de Compostela. Ano 1958.

<sup>85</sup> En concreto, a fábrica de Sel, situada na saída cara a Noia, cerca da Igrexa da Virxe do Camiño e no barrio do mesmo nome. O edificio está sendo restaurado.

<sup>86</sup> *Guía de la Archidiócesis de Santiago de Compostela. Año 1965.*

da riqueza dos caladoiros situados en alta mar e da demanda de mariñeiros por parte dos buques mercantes internacionais. Pero, a diferenza do que sucedeu no resto do concello, onde os anos 70 foron de crecemento, na vila a fase expansiva durará pouco tempo, dando paso inmediatamente a unha etapa regresiva especialmente aguda. Na década de 1970 Muros perderá unha boa parte da súa poboación, situándose en 1981 con 2.260 habitantes. Un descenso que continuará polo menos durante a primeira metade da década de 1980, situándose en 1985, con 2.163 habitantes, nas cifras máis baixas da súa historia.

A emigración foi especialmente intensa nesta zona, provocando non só a perda de poboación, senón tamén o envellecemento. Aínda así, a comparación, tanto co entorno máis próximo como co conxunto de Galicia, demostra que nos atopamos ante un caso extremo. O concello, con ser unha zona especialmente castigada polo éxodo demográfico, mantivo a súa poboación, incluso cun pequeno aumento. En concreto, entre 1960 e 1981 pasou de 11.675 a 12.302 habitantes. Na mesma liña podemos situar o acontecido con Galicia, cunha poboación que entre 1960 e 1981 aumentou lixeiramente, de 2.730.996 a 2.811.912 habitantes. En troques, a capital do concello perdeu 1.204 individuos no tramo que vai de 1965 a 1981. Neste caso, combínase un núcleo superpoboado cunha estrutura productiva moi limitada, incapaz de absorber o excedente de man de obra.

Notamos unha lixeira recuperación nos anos 90, tal vez como consecuencia da fin da emigración e dos retornos. Así, chegamos a 1999 cunha poboación de 2.902 individuos. Pero esta leve melloría non durará moito. Os 2.758 habitantes de 2001 evidencian un novo descenso, esta vez nun período moi breve de tempo. Seguramente como resultado da falta de perspectivas laborais, que provoca o éxodo continuo de xente nova, e dunha poboación moi envellecida. Os últimos anos, xa no século XXI, son de claro estancamento con tendencia á baixa. En 2004 a súa poboación era de 2.722 persoas, exactamente as mesmas cifras no 2007. Finalmente, en 2008 rexistramos un novo descenso, situándose a súa poboación en 2.682 habitantes <sup>87</sup>.

Só nos resta comparar a situación de Muros coa das restantes vilas costeiras de Galicia. Entre 48 núcleos de poboación, sumando vilas e cidades, Muros ocupa neste momento o posto trinta e tres, superada por Ribadeo, Foz, Burela, Viveiro, Narón, Ferrol, Mugardos, Ares, A Coruña, Arteixo, Cée, Camariñas, Cedeira, Pontedeume, Sada, Malpica, Fisterra, Noia, Pobra do Caramiñal, Ribeira, Boiro, Rianxo, Vilagarcía, Vilanova de Arousa, Pontevedra, Marín, Bueu, Cangas,

---

<sup>87</sup> Datos do Instituto Galego de Estadística.

Redondela, Vigo, Baiona e A Guarda. Por detrás só atopamos os núcleos de Cervo, Xove, O Vicedo, Valdoviño, Ortigueira, Miño, Ponteceso, Laxe, Muxía, Corcubión, Carnota, Porto do Son, Sanxenxo, Portonovo e Moaña.

## 9. PRESENTE SOMBRÍO E FUTURO INCERTO

O percorrido que fixemos ata o de agora apenas precisa máis comentarios. Abonda con sinalar como a situación mudou radicalmente, pasando de situarse entre as vilas máis poboadas da costa a ocupar casi os últimos postos. A vila que rondaba os 5.000 habitantes a finais do século XVIII viuse reducida a dous mil setecentos a comezos do século XXI <sup>88</sup>.

Igualmente, destacar como dentro dun concello caracterizado por presentar unha das tendencias máis negativas de todo o litoral, a evolución da capital resulta moito máis regresiva. O concello en 1842 tiña 8.223 habitantes e en 2007 9.931; é dicir, en 159 anos incrementou a súa poboación en 1.708 individuos; mentres que a capital, entre 1850 e 2007, perdeu 2.070 habitantes. Unha das consecuencias é que o seu protagonismo respecto ós outros núcleos do concello estase a ver cada vez máis cuestionado <sup>89</sup>.

A pregunta resulta inevitable, ¿que pasou coa vila de Muros?. Sen dúbida, a crise das actividades económicas tradicionais, pero complementada coa incapacidade para crear outras novas. Outros núcleos, maiormente da provincia de Pontevedra, foron quen de reconverter as vellas fábricas en modernas factorías, diversificando a produción e superando deste xeito a fuxida da materia prima, pero en Muros, a semellanza doutros núcleos da Costa da Morte, as fábricas simplemente pecharon, quedando as súas ruínas como monumentos á posteridade. Por outra parte, Muros tampouco foi capaz de consolidarse como foco de atracción turística, cando menos ó mesmo nivel que outras localidades costeiras das Rías Baixas. A ausencia de infraestructuras e sobre todo as pésimas comunicacións seguramente sexan algunhas das causas. Ata mediados do século XX, os recursos naturais condicionaban a

---

<sup>88</sup> Galicia pasou de 629.336 habitantes a finais do século XVI ós 2.772.533 de 2007. É dicir, no mesmo período no que Muros perdeu máis de 1.500 habitantes, a poboación galega, que nunca se caracterizou precisamente polo seu crecemento explosivo, multiplicouse entre catro e cinco veces. E xa non falemos dos demais núcelos costeiros, coa excepción dalgúns da Costa da Morte ou do Cantábrico. Dende esta perspectiva o termo naufraxio, que utilizábamos ó principio, semella axustarse bastante ben á realidade.

<sup>89</sup> Entidades como Serres ou Esteiro, con 2.218 e 2.158 habitantes respectivamente no 2008, casi igualan os habitantes do núcleo principal.

distribución da poboación, pero dende entón a accesibilidade é o principal factor desta distribución, de xeito tal que aqueles lugares que non estean conectados corren o risco de converterse en desertos humanos e económicos. E precisamente a accesibilidade foi un dos grandes problemas de Muros. E por riba estamos ante a pescadilla que se morde a cola: se non hai accesos non hai actividade económica, pero sin un tecido productivo preexistente tampouco se constrúen accesos.

Os indicadores demográficos non fan senón confirmar, polo menos nun futuro inmediato, a tendencia negativa dos últimos tempos. Utilizando datos correspondentes a 2007 e 2008, comprobamos que Muros presenta unha natalidade menor que a media de Galicia e un crecemento natural moito máis negativo. Concretando, o concello de Muros conta cunha taxa bruta de natalidade do 6'3 por mil, un crecemento vexetativo negativo do 4'7 por mil e unha taxa de fecundidade do 28'4; mentres que en Galicia a natalidade está no 7'8, o crecemento vexetativo (tamén negativo) no 2'9, e o índice de fecundidade sitúase no 32'2. Na mesma liña, en Muros a idade media da poboación é de 46'2 anos e o índice de envellecemento de 161'7; en Galicia, ambos índices están en 44'6 e 136'7 respectivamente <sup>90</sup>. O avellentamento da poboación en Muros tradúcese na súa estrutura por idades, e ten o seu reflexo nunhas maiores taxas de mortalidade.

Pola súa banda, a inmigración, moi reducida, non compensa a perda de efectivos. Así, no 2007 emigraron do concello 325 individuos mentres que o número de inmigrantes foi de 284. De feito, dos 94 concellos que compoñen a provincia de A Coruña, só trece teñen un saldo migratorio máis negativo que o de Muros.

Directamente relacionados coas dinámicas demográficas están os indicadores socioeconómicos. Dentro do concello, lonxe da súa tradición fabril, as actividades económicas amosan un predominio absoluto do sector terciario, como podemos comprobar no feito de que o 77 % das empresas sexan de servizos. Igualmente, a estrutura productiva está dominada pola pequena empresa; só un 2 % dos negocios superan os nove empregados, mentres que o 65 % dos mesmos non contan con ningún asalariado. Pola súa banda, a taxa de paro do concello é notablemente máis elevada que a media de Galicia <sup>91</sup>.

En canto á vila, os datos relativos ós sectores económicos tamén amosan o escaso peso daquelas ocupacións que historicamente constituiron a base da súa prosperidade. Cunha poboación ocupada do 36'2 % (unha boa parte dos seus habitantes están

---

<sup>90</sup> Datos do Instituto Galego de Estadística. Na Páxina Web <http://www.ige.eu>.

<sup>91</sup> Trátase dunha problemática que dura xa varias décadas. En 1991a taxa de paro do concello de Muros era elevadísima (20'8) mentres que a media de Galicia era do 16'4; no 2001, estaba en 12'5 e 11 respectivamente.

xubilados ou prexubilados), destaca o peso dos servicios, que ocupan ó 62'7 % dos traballadores, mentres que a pesca adícase o 11'7 % <sup>92</sup> e un 12'1 á industria <sup>93</sup>. A pouca importancia do sector pesqueiro e industrial fai que Muros sexa na actualidade un pequeno centro de servicios que abastece os núcleos rurais máis próximos, pero cunha capacidade moi limitada, condicionada pola escasa demanda.

A depresión demográfica, responsable da caída da demanda, unida á falta de saídas laborais, non invita a pensar que a situación vaia variar substancialmente en anos vindeiros.

O descenso de poboación e o esmorecemento da actividade económica tamén tivo como consecuencia o abandono e deterioro de moitas das vivendas. Un proceso responsable de que o casco histórico chegase a presentar un aspecto lamentable, facendo urxente tanto a rehabilitación de casas como o acondicionamento dalgunhas das súas rúas máis importantes. No 2001 o 34'6 % das vivendas da capital estaban baleiras. Unha porcentaxe moi elevada, por riba das cifras do concello (30'5), xa de por si considerables (as de Galicia están no 17'5 %). Ben é certo que moi recentemente, dentro dos plans de protección do patrimonio, alleo polo tanto á evolución demográfica, estase a levar a cabo un proceso de rehabilitación e mellora de edificios.

Finalmente mencionar que se está intentando incentivar a actividade empresarial cun polígono industrial todavía en construción. A cuestión será que as empresas estean dispostas a instalarse nunha zona deprimida, con malas comunicacións e escasa capacidade de demanda. Así mesmo, estanse levando a cabo unhas obras de ampliación do porto, que non sabemos ata que punto poden axudar a conquistar un maior papel no comercio marítimo.

En suma, estamos ante unha vila cun pasado brillante, un presente escuro e un futuro incerto. Un caso tal vez atípico entre as vilas costeiras, non así no interior. O que parece claro é que estamos ante unha evolución moi diferenciada dos demais núcleos das Rías Baixas, moito máis cercana en cambio ós da Costa de Morte. Pero

---

<sup>92</sup> Calculando as distintas porcentaxes obtemos como resultado un total de 117 mariñeiros en activo. Para facernos unha idea do escaso peso do sector en canto á xeración de empregos, basta comparar estas cifras cos máis de 700 mariñeiros que aparecían en 1826. Outro indicador da perda de importancia do sector pesqueiro ven dado polo número de barcos que compoñen a flota. En 1993 o número total de barcos pesqueiros de Muros era de 160; no 2002 descendera a 79 (Floisand, A. & Saether, A., 2007, "Globalización, comunidades pesqueiras y construción de género: El caso de Muros (Galicia)" *Boletín de la A.G.E.* N° 45. p. 43).. Cen anos atrás chegaban a 700.

<sup>93</sup> Das 30 fábricas que había no concello a principios do século XX, actualmente só queda a fábrica Calvo ubicada en Esteiro. A única que quedaba na capital, a fábrica de Daniel, situada na saída cara Louro, pechou haberá uns tres anos.

si algo caracteriza a historia é a diversidade. En certa forma, os asentamentos sufren unha evolución parecida a dos seres vivos, e mentres uns son capaces de adaptarse ás novas circunstancias, outros permanecen estancados ou esmorecen. Algo que ven sucedendo en tódolos lugares ó longo da historia, e os exemplos son numerosos. En todo caso, son as persoas as que fan a historia e délas depende en definitiva o futuro. Esperemos que neste caso sexa para ben.

## FONTES PRIMARIAS

### 1. Archivos

Arquivo Histórico Diocesano de Santiago:

- Fondo Xeral. Serie Visita Pastoral. Nº 1 (*Memorias del Arzobispado de Santiago, por Don Jerónimo del Hoyo 1607*). Nº 7, 8, 10, 17.
- Fondo Xeral. Serie Estadística nº 42.
- Fondo Xeral. Serie Colegiatas, nº 343 – *Colegiata de Muros (1504-1882). Bula de erección. Constituciones. Patronato. Gobierno interior.*
- Fondo Parroquial. *Parroquia de San Pedro de Muros*. Serie Libros Sacramentales nº 32.
- Fondo Parroquial. *Parroquia de San Pedro de Muros*. Serie Administración Parroquial, nº 1, 2, 4.
- Fondo Parroquial. *Parroquia de San Pedro de Muros*. Serie Padrón Parroquial, nº 3, 4.

Arquivo do Reino de Galicia:

- *Catastro del Marqués de la Ensenada. Respuestas Generales*

### 2. Obras impresas

(A súa consulta foi posible grazas a un ambicioso proxecto de dixitalización de libros emprendido por Google, na páxina web <http://books.google.es>)

*Annual Register, or a view of the history, politics, and literature by J. Wright. Edited by Edmund Burke. London 1807.*

*Breve compendio de la historia de España desde su origen hasta el reinado del señor Don Fernando VII. Por D. Alejandro Gomez Ranera. Madrid. Imprenta que fue de Fuentenebro 1838.*

*Colección de los viages y descubrimientos que hicieron por mar los españoles desde fines del siglo XV. Por Don Martín Fernandez de Navarrete. Madrid. Imprenta Real 1825.*

*Derrotero de las costas de España en el Océano Atlántico y de las islas Azores ó Terceras. Escrito por D. Vicente Tofiño de San Miguel. Madrid 1789.*

*Descripción económica del reyno de Galicia. Escrito por D. José Lucas Labrada. Ferrol. Imprenta de D. Lorenzo José Riesgo Montero. 1804.*

*Diccionario Geográfico Universal por Don Antonio Vegas (6 volúmenes). Imp. de Don Joseph Doblado. Madrid 1795.*

*Diccionario Geográfico-estadístico de Don Sebastián Miñano y Bedoya. XI Tomos. Madrid 1826.*

*Diccionario de Hacienda para el uso de los encargados de la Suprema Dirección de ella. Escrito por D. José Canga Argüelles. 5 tomos. Londres. Imprenta española de M. Calero 1827.*

*Diccionario Geográfico Universal, por una Sociedad de Literatos, S.B.M.F.C.L.D. 10 Tomos. Barcelona. Imprenta de José Torner 1831-1834.*

*Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar, de Pascual Madoz. 16 Volúmenes. Madrid 1845-1850.*

*Diccionario universal de historia y de geografía. Por D. F. de P. Mellado, D. J. Perez Comoto, D. F. F. Villabril, D. V. Diez Canseco y D. C. Iturralde (8 Volúmenes). Madrid 1846-1850.*

*Elementos de geografía astronómica, natural y política de España y Portugal. Por Don Isidoro de Antillon. Valencia. Imprenta de Estévan 1815.*

*Guías Eclesiásticas de la Archidiócesis de Santiago de Compostela. Anos 1894, 1902, 1907, 1914, 1918, 1958 e 1965.*

*Itinerario Descriptivo Militar de España. Formado y publicado por el Depósito de la Guerra. Tomo VII – Galicia. Madrid 1866.*

*Memorias históricas sobre la marina, comercio y artes de la antigua ciudad de Barcelona. Escrito por D. Antonio de Capmany y de Monpalau. Tomo IV. Madrid. Imprenta de Sancha 1792.*

*Población General de España, sus Reynos, y provincias, ciudades, villas y pueblos, islas adyacentes y presidios de Africa. Escrita por Don Juan Antonio de Estrada. 2 Tomos. Madrid. Imprenta de Andrés Ramirez 1768.*

*Teatro eclesiástico de las iglesias metropolitanas y catedrales de los reynos de las dos Castillas. Escrito por Gil González de Ávila. Tomo Primero. Madrid. Imprenta de Francisco Martínez 1645.*



### 3. Páxinas Web

Datos do Instituto Nacional de Estadística (na páxina Web <http://www.ine.es>)  
 Datos do Instituto Galego de Estadística (na páxina Web <http://www.ige.eu>)  
 Páxina Web *Homes de pedra en barcos de pau*, no apartado *Cousas de Muros* (<http://homesdepedraenbarcosdepau.lacoctelera.net>).

## BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ALVÁREZ, L., 1977, *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del antiguo régimen, 1750-1830*. Akal. Madrid.
- AA. VV., *Gran Enciclopedia Gallega*. Tomo 22. Voz: Muros.
- ARTAZA BLÁZQUEZ, R., “Toma de posesión de un juez ordinario en la villa de Muros en 1810”, *Boletín de la Real Academia Gallega*.
- ARTAZA Y MALVÁREZ., R., 1908, *Recuerdos de la muy noble, muy leal y muy humanitaria Villa de Muros*. Imprenta de “El eco de Santiago”.
- ID., 1920, *Muros: Páginas de su historia*. Heraldo de Vigo, S. A. Vigo.
- ID., 1951, *Las rías gallegas*. Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires.
- ARTAZA Y MALVÁREZ, R. – ARTAZA BLÁZQUEZ, R. – ARTAZA BLÁZQUEZ, A., 1959, *La Villa de Muros y su distrito*. ( 3 tomos). Ayuntamiento de Muros.
- BARROS GUIMERÁNS, C, 2007, “A revolta irmandiña en Noia, Muros e Outes”. Conferencia pronunciada o 21 de marzo de 2007 na V Semana de Historia de Noia, organizada polo concello de Noia.
- CALO LOURIDO, F. (Coord), 1998, *Antropoloxía mariñeira. Actas do Simposio Internacional in memoriam Xosé Filgueira Valverde, celebrado en Pontevedra do 10 ao 12 de Xullo de 1997*. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.
- CARANTOÑA DUBERT, F., 1997, *La estancia de Jovellanos en Muros de Galicia*. Foro Jovellanos. Gijón.
- CASAS TORRES, J., 1943, “Sobre la geografía humana de la Ría de Muros y Noya”. *Estudios Geográficos*. Instituto Juan Sebastián Elcano.
- DUBERT GARCÍA, I., 1997, “El papel de la movilidad de la población en el ámbito semiurbano de la Galicia costero-occidental. La Villa de Muros, siglos XVIII-XX”. *Actas del XV Congreso de Geógrafos Españoles. Volumen II*. Universidade de Santiago de Compostela. Pp. 797-811.
- FABEIRO GÓMEZ, M., 1958, “Cancionero de Muros”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, nº 39. Pp. 95-134.
- ID., “Carta abierta al Alcalde de Muros sobre la ermita de San Marcos”. *Diario “La Noche”*, 28 de junio de 1958.

- ID., “Del ayer muradano. Concesión de una capilla en la Colegiata al Capitán Gómez de Rioboó”. *Diario “La Noche”, 14 de julio de 1961.*
- ID., 1991, “Contrato del ayuntamiento de Muros (Galicia) con el maestro cantero Antonio García”. *Actes du VIIème Colloque international de glytographie de Rochefort-sur-Mer.* Pp. 87-96.
- ID., 1997, *Páxinas históricas de Muros.* Toxosoutos. Noia.
- ID., 2000, *Pueblos de Galicia. Muros de San Pedro.* Monterrey de Ediciones S.L. Ames.
- FERREIRA PRIEGUE, E. M., 1987, *Galicia en el comercio marítimo medieval.* Universidad de Santiago de Compostela.
- ID., 1989, “El comercio de las villas costeras de Galicia en la Baja Edad Media”, *El Museo de Pontevedra, nº 43.* Pp. 247-264.
- FLOISAND, A. & SAETHER, A., 2007, “Globalización, comunidades pesqueras y construcción de género: El caso de Muros (Galicia)” *Boletín de la A.G.E. Nº 45.* Pp. 31-48.
- GARCÍA ORO, J., 1976, *Diego de Muros III y la cultura gallega del siglo XV.* Vigo. Ed. Galaxia.
- LÓPEZ, A. (Fr.), 1916, “Hospital de pobres en la villa de Muros”, *Boletín de la Real Academia Gallega, nº 106.*
- ID., “Hospital de pobres en la villa de Muros (conclusión)”, *Boletín de la Real Academia Gallega, nº 107.*
- NOVOA GÓMEZ, M.A., 2000, *Las gentes de Muros en sus primeros documentos.* Tórculo Edicións. Santiago de Compostela.
- ONEGA LÓPEZ, J. R., 1999, *Los judíos en el Reino de Galicia.* Editora Nacional. Madrid.
- RODRIGUEZ PAZOS, M., 1972, *Un pleito de pesca en la ría de Muros y Puerto del Son.* Federación Empresarios del Barbanza. Noia.
- RODRIGUEZ SANTAMARÍA, B., 1916, *Los pescadores del Norte y Noroeste de España. Su vida social y particular por provincias.* Imprenta Alemana. Madrid.
- ROMANÍ BIESCAS, A., “Los molinos de marea de Muros”. *El Ideal Gallego, 17-XII-1986.*
- ID., 1998, *Una industria salazonera catalana en Galicia: origen, apogeo y ocaso: la familia Romaní.* Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación. Santiago.